

Resolución da Dirección Xeral de Administración Local do 29 de agosto do 2024, pola que se nomean aos membros da Comisión Técnica de Valoración da proba do galego no concurso unitario de provisión de postos reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional para o ano 2023, se convoca aos concursantes para a realización da proba e se fai pública a data, hora e lugar de celebración.

Por Resolución do 29 de decembro de 2023, da Dirección Xeral da Función Pública do Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública, publicada no Boletín Oficial do Estado nº 14, do 16 de xaneiro de 2024 convocouse o concurso unitario de provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional para o ano 2023.

De acordo co disposto na base quinta da antedita resolución, en aplicación do artigo 3 do Decreto 103/2008, do 8 de maio, polo que se regula o coñecemento do galego nos procedementos para a provisión de postos de traballo reservados a funcionarios/as con habilitación de carácter nacional no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, os concursantes que non acrediten estar en posesión do Celga 4 ou equivalente, participarán nunha proba de galego eliminatoria.

No citado precepto establécese que a valoración da dita proba a realizará unha comisión técnica composta por tres persoas expertas na materia, nomeándose por cada membro titular un suplente.

Na súa virtude, vista a proposta realizada pola Secretaría Xeral da Lingua, esta Dirección Xeral de Administración Local, **DISPÓN**

Primeiro.- Nomear ás persoas que a continuación se relacionan membros da Comisión Técnica de Valoración da proba do galego no concurso unitario para a provisión de postos de traballo reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional para o ano 2023:

Titulares:

- Xosé Gregorio Ferreiro Fente
- Olga López López
- Concepción Armas Quintá (secretaria)

Suplentes:

- Purificación Galán Boutoureira
- Isabel Valiño Ferrín
- Carmen Nogueira Blanco (secretaria)



Esta comisión terá a categoría primeira das previstas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño. O número máximo de asistencias a percibir será de tres.

Segundo.- Convocar aos seguintes concursantes que non acreditaron estar en posesión do Celga 4 ou equivalente para a realización dunha proba eliminatória de galego:

DEL RIEGO SANTOS, MARÍA ROSA

Terceiro.- A proba terá lugar o vindeiro luns, día 2 de setembro de 2024, ás 10:30 horas, na sala de xuntas (segundo andar) da Escola Galega de Administración Pública, sita na rúa Madrid n.º 2-4, en Santiago de Compostela.

Os concursantes deberán ir provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo da Comisión.

Non se permitirá o acceso ao lugar da proba con teléfono móbil, axendas ou demais dispositivos de carácter electrónico.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Administración Local
P.D.S. (Resolución do 21 de agosto de 2024)
A subdirectora xeral de xestión e cooperación económica coas entidades Locais

(Documento asinado electronicamente)

Raquel Belén Bahillo Varela

